

**REGULAMENTO XERAL DA FGVB****CONTIDO**

TITULO PRELIMINAR - REGULAMENTO XERAL	3
TITULO PRIMEIRO - ESTATUTOS PERSOAIS	3
CAPITULO I - CLUBS	3
Sección primeira - Afiliación	3
Sección segunda - Denominación	4
Sección terceira - Categoría dos clubs	4
Sección cuarta - Participación en competicións oficiais de ámbito autonómico.....	4
Sección quinta - Baixas e renuncias.....	5
Sección sexta - Dereitos e obrigas	7
Sección sétima - Organización de actividades polos clubs	9
Sección oitava - Fusións	10
Sección novena - Cesión de dereitos	11
Sección décima - Dereito a subvencións.....	12
CAPITULO II - XOGADORES.....	13
Sección primeira - Definición e condición de xogador	13
Sección segunda - Categorías.....	14
Sección terceira - Licenzas.....	14
Sección cuarta - Dereitos de formación	16
Sección quinta - Baixas e cambios	18
Sección sexta - Dereitos e obrigas	19
CAPITULO III - ADESTRADORES	20
Sección primeira - Definición e condición de adestrador	20
Sección segunda - Categorías.....	21
Sección terceira - Licenzas.....	22
Sección cuarta - Dereitos e obrigas	23
Sección quinta - Segundo adestrador	23
Sección sexta - Baixa de adestradores.....	23
CAPITULO IV - ÁRBITROS E ANOTADORES	24
Sección primeira - Definición e condición de arbitro	24
Sección segunda - Categorías.....	25
Sección terceira - Licenzas.....	25
Sección cuarta - Dereitos e obrigas	25
CAPITULO V - DELEGADOS E MEMBROS DE CLUBS	26
Sección primeira - Delegado de equipo	26
Sección segunda - Delegado de campo	26
Sección terceira - Delegados federativos	27
Sección cuarta - Auxiliares e membros de clubs	27
Sección quinta - Dereitos e obrigas	28
TITULO II - NORMAS DE COMPETICIÓN	28
TITULO III - PROCEDEMENTO PARA ASAMBLEAS E MOCIÓN DE CENSURA	29
CAPITULO I - PROCEDEMENTO ORDINARIO	29
CAPITULO II - PROCEDEMENTO NA MOCIÓN DE CENSURA.....	31
TITULO IV - REGULAMENTO DE VOLEI PRAIA	31
CAPÍTULO PRELIMINAR.....	31
CAPÍTULO I - AS COMPETICIÓN S - ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN	31
Sección primeira - Nomenclaturas.....	31
Sección segunda - A organización das competicións.....	32
Sección terceira - Ámbito das competic. e autorización para a súa realización	32
Sección cuarta - Das arbitraxes	32



CAPITULO II - DAS LICENZAS.....	32
CAPITULO III - DOS XOGADORES	33
CAPÍTULO IV - DOS ADESTRADORES.....	33
CAPÍTULO V - DOS ÁRBITROS	34
CAPÍTULO VI - RÉXIME DISCIPLINARIO	34
DISPOSICIÓN FINAIS.....	34

TITULO PRELIMINAR - REGULAMENTO XERAL

Artigo 1º

O Regulamento Xeral da Federación Galega de Voleibol -no sucesivo FGVb- é a norma básica de desenvolvemento dos Estatutos da mesma. No mesmo regúlase o desenvolvemento da estrutura orgánica da FGVb, o estatuto das persoas e entidades sometidas á xurisdición da FGVb, o procedemento nas asembleas e moción de censura e a regulamentación de volei praia.

Artigo 2º

O Regulamento Xeral é de obrigado cumprimento para todas aquelas persoas e entidades que actúan dentro do ámbito de competencias da FGVb.

Artigo 3º

O correo electrónico será o medio de comunicación preferente empregado entre a FGVb e os seus membros e viceversa. Será obrigatorio para os diferentes compoñentes e estamentos da FGVb facilitar unha única conta de correo electrónico para os anteditos fins. Ao facilitar este, enténdese que os interesados prestan expresamente o consentimento esixido no art. 27.2 da Lei 11/07 de acceso electrónico dos Cidadáns aos Servizos Públicos.

No caso das persoas físicas que pertencen á disciplina dun club, e agás que faciliten un distinto, entenderase que o seu enderezo electrónico será o do club, polo que serán válidas a todos os efectos as comunicacións feitas a este.

TITULO PRIMEIRO - ESTATUTOS PERSOAIS

CAPITULO I - CLUBS

Sección primeira - Afiliación

Artigo 4º

Son clubs de voleibol e/ou volei praia as asociacións privadas sen ánimo de lucro integradas por persoas físicas ou xurídicas, que teñan por obxecto a promoción do voleibol e/ou o volei praia, a práctica do mesmo polos seus asociados, así como a organización e participación en actividades e competicións deportivas.

Para participar en competicións oficiais tanto de ámbito autonómico como estatal, os clubs galegos deberán estar previamente afiliados á FGVb.

Artigo 5º

Para afiliarse á FGVb, todos os clubs deberán solicitalo á FGVb por escrito, debendo acreditar estar inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia, así como aportar copia do seus estatutos conformes co disposto na normativa autonómica de aplicación, a Ficha do Club no modelo oficial da FGVb así como outros documentos que se establezan regulamentariamente.



Sección segunda - Denominación

Artigo 6º

A denominación dun club non poderá ser igual á doutro xa existente e debidamente inscrito nin tan semellante que puidera inducir a erro ou confusión.

Artigo 7º

Os cambios de denominación dun club deberán notificarse á FGVb mediante certificación, non podendo usar a nova denominación ata que se reciba na FGVb esta notificación.

Artigo 8º

O nome do club poderá levar unido o dun ou varios produtos ou marcas comerciais, que deberán ser comunicados á FGVb para o seu recoñecemento oficial.

Artigo 9º

No caso de ter un club varios equipos deberá diferencialos entre si coa fin de evitar equívocos, ben sexa engadindo ao nome do club algún elemento que os diferencie ou ben adxudicándolles nomes distintos. Todo isto deberá facerse ao formalizar a inscrición de cada equipo nas súas respectivas competicións.

Artigo 10º

Cando o club pertenza a unha entidade non exclusivamente deportiva, con sede, sucursais ou delegacións en distintas poboacións, poderá adoptar o nome da entidade seguido do da poboación que corresponda.

Sección terceira - Categoría dos clubs

Artigo 11º

Os clubs serán clasificados en función daquel dos seus equipos que participe na competición de rango superior.

Sección cuarta - Participación en competicións oficiais de ámbito autonómico

Artigo 12º

Cada club so poderá inscribir nas competicións oficiais de ámbito autonómico de máxima categoría e/ou previas a unha Fase Nacional, un equipo masculino e outro feminino por competición.

En consecuencia, se un club ten dous o máis equipos participantes en diferentes competicións autonómicas, o equipo que milite na competición inmediatamente inferior non poderá optar ao ascenso, aínda que chegara a clasificarse para elo, sempre que o outro equipo do seu club permanecera na competición superior. Chegado este caso ocupará o seu lugar o equipo que lle siga na clasificación xeral.

Por idéntico motivo, se un equipo que toma parte na competición superior de ámbito nacional tivera que descender á primeira categoría autonómica, so poderá permanecer un deles nesta.

Artigo 13º

Os clubs que unha vez iniciadas as competicións retiren os equipos aos que se refire o artigo anterior ou non participen nas súas respectivas competicións, serán sancionados de acordo con que se determina no Regulamento Disciplinario.

Artigo 14º

Todo club está obrigado a participar cos seus equipos nas competicións oficiais nas que se inscriba, así como naquelas outras que a FGVb estableza como obrigatorias.

Artigo 15º

Unha vez cumpridos os requisitos e condicións establecidas para participar nas diferentes competicións os clubs manterán os dereitos deportivos que lles pertencen segundo as normas xerais vixentes, e non poderán perder a súa categoría agás nos casos regulamentariamente previstos.

Sección quinta - Baixas e renuncias**Artigo 16º**

Os clubs poderán ser baixa na FGVb, ademais de por propia decisión, por decisión dos órganos disciplinarios da FGVb, en base ás causas e conforme ao procedemento establecido no Regulamento Disciplinario. En ambos supostos os xogadores dos seus distintos equipos quedarán en liberdade para vincularse co club que desexen.

Artigo 17º

1. As renuncias a participar nunha División poderán ser formuladas por:

- a) Os equipos que lograran unha clasificación nunha competición que lles permita o ascenso, e que non o consideren oportuno. A renuncia debe efectuarse por escrito, co selo e sinatura do Presidente do club no que estivera integrado o equipo. O club remitirá o escrito á FGVb antes do prazo fixado polas Normas de Competición. Desta forma, poderán permanecer na mesma competición na que participou durante a tempada anterior.
- b) Os equipos que perdendo a categoría por motivo da súa clasificación final non consideren oportuna a súa participación na competición que lles corresponda polo descenso. Neste suposto e cumprindo os requisitos de remisión de escrito e comunicación á FGVb antes da data sinalada nas Normas de Competición, lles será concedida a inscrición automática na competición inmediata inferior á que por razón de descenso lle correspondera.
- c) Os equipos non incluídos en ningún dos supostos anteriores, se realizaron a renuncia de forma oficial na FGVb antes da data sinalada nas Normas de Competición, poderán participar na competición inmediata inferior, se existen prazos e previo acordo da Xunta Directiva da FGVb.
- d) Con carácter excepcional a Xunta Directiva da FGVb poderá autorizar a participación de equipos que renunciaran a participar na categoría inmediata inferior á que renuncian, aínda no caso de non existir prazos dispoñibles, segundo o número de equipos participantes inicialmente previsto.

2. En calquera caso, se a comunicación non se efectuara á FGVb nos prazos previstos polas Normas Específicas de cada competición, a renuncia entenderase como fóra de prazo e comportará a participación do equipo renunciante na derradeira das competicións de ámbito autonómico.
3. A renuncia fóra de prazo, ademais do sinalado anteriormente, levará aparelado o pago dos gastos que a dita decisión poida comportar á administración federativa e que sexan determinados polo Comité de Competición. No caso de incumprimento dalgún dos requisitos formais determinados nas normas de cada competición e transcorrido o prazo que se outorgue para a súa emenda, esta situación equiparase a unha renuncia fóra de prazo aos efectos oportunos.

Artigo 18º

A preferencia para cubrir as vacantes de equipos nas diferentes competicións antes do seu comezo serán cubertas pola FGVb entre os clubs que o solicitasen dentro do prazo que se estableza, de acordo coa seguinte orde:

1. Os equipos perdedores nas eliminatorias de ascenso da competición en cuestión, establecéndose a orde de preferencia entre eles de acordo co maior cociente de sets a favor e en contra da eliminatoria en cuestión. En caso de igualdade resolverase polo maior cociente de puntos a favor e en contra do resultado global da eliminatoria ou competición. Se persistira a igualdade, establecerase mediante circular preparada ao efecto o desenvolvemento dun sistema de liga ou eliminatorias entre todos os implicados, en cancha neutral, entendendo como tal a situada nun municipio distinto ao dos participantes, debendo correr os mesmos con todos os gastos que esta competición orixinase.
2. Os equipos participantes nas Fases Finais ou de Ascenso pero non clasificados para disputar os cruces de ascenso á competición en cuestión, ordenados pola súa clasificación. Existindo igualdade na clasificación entre varios equipos, procederase de igual forma que o indicado no apartado primeiro.
3. De non haber cruces de promoción, os equipos descendidos da competición na que se produce a vacante e pola súa orde de clasificación. Existindo igualdade na clasificación entre varios equipos, procederase de igual forma que o indicado no apartado primeiro.
4. No caso de provir os equipos de dous ou máis grupos dunha competición inferior, a preferencia determinarase segundo a orde clasificatoria obtida en cada grupo. Existindo igualdade na orde clasificatoria a preferencia determinarase polos puntos obtidos na clasificación xeral en primeiro lugar, do cociente xeral de sets a favor e en contra en segundo lugar e do cociente xeral de puntos a favor e en contra en terceiro lugar. Se persistira a igualdade celebrarase unha liga ou eliminatoria, segundo o indicado no apartado anterior.
5. Os ascendidos á competición inmediata inferior. En caso de existir equipos clasificados no mesmo posto, actuarase segundo o indicado no apartado primeiro.
6. Os equipos de nova creación. De existir mais dun equipo nesta situación, establecerase mediante circular preparada ao efecto o desenvolvemento dun sistema de liga ou eliminatorias entre todos os implicados, en cancha neutral, entendendo como tal a situada nun municipio distinto ao dos participantes, debendo correr os mesmos con todos os gastos que esta competición orixinase.
7. Se non existiran equipos que desexaran cubrir as vacantes e en todos os demais supostos, será a Xunta Directiva da FGVb a que determinará o que proceda, podendo

desenvolverse a competición sen cubrir o número mínimo de equipos que deben compoñer a mesma.

Sección sexta - Dereitos e obrigas

Artigo 19º

Os dereitos dos clubs son os seguintes:

- Intervir nas eleccións á Asemblea Xeral e Presidente da FGVb, no seu caso, de acordo ao sinalado no Regulamento Electoral.
- Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lle correspondan pola súa categoría nos termos previstos regulamentariamente.
- Concertar e participar en encontros amigables con outros clubs federados galegos, españois ou estranxeiros que pertencen a Federacións Nacionais afiliadas á FIVB, nas datas compatibles coas súas obrigacións oficiais e coas convocatorias das diferentes Seleccións Nacionais, previa autorización do órgano que corresponda. Para solicitar este tipo de actividades atenderase á normativa regulamentaria que o recolla.
- Asistir e intervenir nas reunións dos órganos federativos que lles correspondan de acordo á normativa vixente.
- Participar no réxime de axudas económicas que anualmente estableza a FGVb para os clubs, cando así se estableza.
- Todos os demais previstos nos Estatutos Federativos, no presente regulamento e demais normas vixentes da FGVb.

Artigo 20º

Son obrigas dos clubs:

- Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lle correspondan pola súa categoría nos termos previstos regulamentariamente.
- Cumprir os Estatutos, Regulamentos e demais normas da FGVb, así como as normas de carácter xeral que lles afecten.
- Poñer a disposición da FGVb o seu campo de xogo cando sexa preciso, coas contrapartidas que se acorden.
- Contribuír ao sostemento económico da FGVb, aboando as correspondentes taxas e dereitos que se determinen nas normas establecidas, así como cubrir os gastos de afiliación dos seus compoñentes coa entidade aseguradora que se concerte, liquidando dentro dos prazos fixados as débedas que teñan coa FGVb, así como con outros clubs, xogadores e técnicos cando así se estableza e regule regulamentariamente.
- Aboar os dereitos de arbitraje que segundo as normas federativas lle correspondan.
- Manter a disciplina deportiva evitando situacións de violencia ou animosidade con outros membros ou estamentos do voleibol.

- Cumprimentar, atender e contestar nos prazos establecidos ou no seu caso coa maior brevidade e dilixencia as comunicacións que reciban dos órganos federativos.
- Por a disposición da FGVb os membros dos seus equipos deportivos ao obxecto de formar as diferentes Seleccións Galegas.
- Atender á formación deportiva dos seus xogadores e técnicos, facilitando os medios precisos para isto.
- Dispor para os seus encontros oficiais un terreo de xogo que cumpra os requisitos regulamentarios esixidos.
- Dispor polo menos dun adestrador/a coa titulación oficial requirida para cada un dos equipos que teña nas diferentes categorías, nos termos establecidos regulamentariamente.
- Recoñecer a todos os efectos a documentación expedida ou homologada pola FGVb, facilitando a entrada gratuíta no recinto deportivo aos árbitros, xogadores e demais acompañantes do equipo contrario provistos de licenza federativa, así como aos directivos e técnicos da FGVb.
- Manter copia actualizada tanto dos Estatutos como da Ficha de Club na FGVb.
- Aqueles outros que lles veñan impostos por disposición legal ou normativa da FGVb.

Artigo 21º

Todos os Clubs deberán tramitar os seus escritos oficiais á RFEVB a través da FGVb agás que expresamente se sinala outra cousa. De igual xeito, a RFEVB tramitará a documentación relativa aos clubs pola vía da FGVb agás as excepcións regulamentariamente previstas.

Artigo 22º

Dentro do prazo que determinen as Normas Específicas de Competición, todos os clubs están obrigados a inscribir os seus equipos cumprimentando os documentos que se determinen na dita normativa.

Artigo 23º

O club que actúe como local debe ter disposto o terreo de xogo nas debidas condicións con todos os elementos necesarios para a práctica do voleibol, de conformidade coas Regras Oficiais de Xogo, o presente Regulamento e as Normas de Competición, e cunha antelación mínima de 45 minutos á hora fixada para o inicio do encontro para non producir retrasos respecto da hora fixada para o inicio do mesmo.

As normas específicas de cada competición poderán fixar outros períodos de tempo máis amplos, en función das necesidades e categoría da competición.

Artigo 24º

- a) O club local é responsable da boa orde antes, durante e despois do encontro, debendo cumprir as normas previstas na lexislación vixente sobre prevención da violencia nos espectáculos deportivos e impedindo a entrada nos recintos dun número de persoas superior ao aforamento máximo do mesmo.

- b) O club local debe solicitar, coa necesaria antelación, o concurso da forza de orde público. En caso de non facelo, calquera incidente que se produza incluso nos exteriores e anexos ao recinto do terreo de xogo será imputable ao equipo local.
- c) Os clubs locais reservarán o dereito de admisión nas súas canchas daquelas persoas que se distinguiran pola súa actitude antideportiva e/ou violenta, cando fora demostrada con anterioridade.

Artigo 25º

Para acreditar que fora requirida a asistencia da forza pública, o equipo local a través da persoa que o represente, debe presentar ao árbitro principal un duplicado da solicitude correspondente, co selo de entrada do organismo que proceda ou enviar á FGVb a solicitude de forza pública para todos os partidos da temporada, igualmente co selo de entrada do organismo que proceda.

Artigo 26º

- O incumprimento das obrigas previstas no artigo anterior será sancionado de acordo ao previsto no Regulamento Disciplinario, sen que se poida suspender o encontro agás nos casos regulamentariamente previstos para a suspensión de encontros.
- Cando o Comité de Competición determine a clausura por sanción dun terreo de xogo, o equipo sancionado deberá, dentro das 72 horas seguintes á publicación oficial do fallo, establecer o novo campo no que disputará os seus encontros en tanto dure a referida suspensión. Se na xornada inmediata á comunicación do fallo, o equipo sancionado actuara como local, o prazo de comunicación quedará limitado a 24 horas ao obxecto de facilitar o desprazamento do equipo visitante e do equipo arbitral á nova cancha.

Sección sétima - Organización de actividades polos clubs**Artigo 27º**

- Para actividades nacionais e internacionais organizadas polos Clubs, tramitarase a solicitude no modelo oficial ante a FGVb, que lle dará traslado á RFEVB de ser necesario.
- Os clubs que desexen organizar encontros, torneos ou competicións internacionais, tanto oficiais como amigables deberán tramitar a solicitude oficial cun prazo de 40 días como mínimo de antelación ao seu inicio, para que a FGVb poida comunicalo á RFEVB, e esta a súa vez ao C.S.D.
- Así mesmo, é necesario solicitar a aprobación da Confederación Europea de Voleibol antes da celebración do Torneo, se no mesmo participan equipos europeos non españois, ou da FIVB., no caso de participar equipos doutros continentes.
- O solicitante e a organización no seu caso, correrá con todos os gastos derivados da actividade e non terán dereito a percibir as subvencións fixadas para a axuda aos clubs.
- Todo torneo ou actividade deste tipo, terá que ter constituído un Comité de Competición, designado pola FGVb, que xulgará as faltas que no mesmo se produzan, e que se terán en conta para a súa aplicación no ámbito das competicións oficiais.
- Non poderá ser autorizada a participación en España de Clubs ou Seleccións que con 40 días antes do inicio da competición non tramitaran o correspondente permiso, agás no

caso de que concorran causas excepcionais, nos cales a RFEVB poderá autorizalo fóra do prazo sinalado.

- A FGVb non poderá designar árbitros para aqueles encontros que non foran previamente recoñecidos e autorizados pola autoridade competente (RFEVB, CEV ou FIVB). Ademais desta actuación sen permiso previo será responsable a entidade organizadora e os árbitros quedarán sometidos á aplicación da suspensión regulamentaria que lles puidera corresponder.
- A cobertura médica deberá efectuarse mediante remisión do listado de participantes con inclusión do número do N.I.F. e licenza en vigor en escrito oficial do club participante.

Artigo 28º

Os clubs e outros organismos, poderán solicitar da FGVb a organización dunha ou varias competicións do tipo sectores e fases finais das distintas competicións oficiais correspondentes a cada temporada, das cales anualmente determinaranse os seus requisitos e regulamentación.

Sección oitava - Fusións

Artigo 29º

- Os clubs poderán fusionarse en beneficio da súa acción deportiva ao amparo da lexislación vixente. Estas fusións deberán producirse antes do prazo de finalización da inscrición na competición oficial que corresponda. As fusións que se produzan unha vez finalizado este prazo, non producirán efectos ata a finalización da competición.
- Para exercitar este dereito os clubs deberán solicitalo á FGVb e estar ao corrente das súas obrigas económicas e deportivas.
- No acordo de fusión de clubs, deberán constar os seguintes datos:
 - (1) Motivo da fusión.
 - (2) Situación deportiva dos clubs, indicando as seccións das que se compoñen e equipos que as forman.
 - (3) Formación e membros da Xunta Directiva do novo club e domicilio social deste, así como o novo nome do mesmo.
 - (4) Sinatura dos presidentes dos clubs fusionados e do presidente da nova Xunta Directiva.

Cando a solicitude a formulen dous ou máis clubs que teñan como único ou principal deporte o voleibol, deberán cumprir os demais requisitos que se esixen para os clubs de nova creación e subrogarse en todos os compromisos e obrigacións que para coa FGVb ou terceiros teñan contraídos os clubs de procedencia.

O club resultante participará na competición oficial de maior rango dos que se fusionen, podendo manter equipos nas competicións ás que tiñan dereito os clubs fusionados, agás a coincidencia de máis dun equipo en competicións nas que non estea permitido de acordo ao sinalado neste regulamento.

Artigo 30º

1. Cando o voleibol sexa unha sección deportiva dun club polideportivo, este poderá constituíla como entidade independente, adoptando aquela un novo nome e afiliándose

á FGVb como novo club, mantendo a súa participación na competición a que tiña dereito o seu antigo club.

2. A sección de voleibol dun club polideportivo do que esta se independizara, antes de inscribirse como novo club de voleibol, poderá fusionarse con outro existente ou cun club polideportivo, tivera este ou non sección de voleibol.

Artigo 31º

Cando dous clubs polideportivos cuxo deporte principal non sexa o voleibol se fusionaran de acordo ás normas que rexen na FGVb, as seccións de voleibol correspondentes, no caso de non independizarse, fusionaranse igualmente sempre que non se contraveña o disposto no presente regulamento.

Artigo 32º

1. Os clubs que se fusionaran ou o club polideportivo que independizara a súa sección de voleibol non poderán afiliarse novamente á FGVb como clubs independentes e de nova creación ata transcorrida unha temporada.
2. Unha vez aprobada a fusión, o novo club resultante deberá inscribirse no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia.

Artigo 33º

Os xogadores e adestradores vinculados a un club ou sección de voleibol fusionados, poderán solicitar ao novo club resultante no prazo dun mes a contar dende a data na que lle notifique a dita fusión por parte do seu club, a carta de baixa. Transcorrido o dito prazo non poderán exercer a dita opción.

Sección novena - Cesión de dereitos

Artigo 34º

Os clubs que participen en competicións oficiais de ámbito autonómico poderán transmitir ou ceder os seus dereitos deportivos e federativos, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1. Que a cesión se produza antes do comezo das Competicións Oficiais. As que se produzan unha vez iniciadas estas, non producirán efectos federativos ata a temporada seguinte.
2. Deberá facerse mediante escrito no que deberán observarse as seguintes circunstancias:
 - a) Acordo adoptado polos clubs cedente e cesionario, debidamente autorizado polas súas correspondentes Xuntas Directivas, e en todo caso pola Asemblea Xeral segundo o establezan os seus estatutos.
 - b) Motivo da cesión.
 - c) Situación económica do club cesionario, respecto das súas obrigas federativas.
 - d) No caso de que o club cedente teña varios equipos en distintas categorías, deberá expresarse aquel ou aqueles que sexan obxecto da cesión.
 - e) Se o club cesionario fose de nova creación, deberá aportar todos os requisitos previstos polo presente regulamento para a inscrición de clubs.

3. A cesión deberá comprender, absolutamente, a totalidade dos dereitos deportivos e federativos, incluídos os dereitos accesorios como fianzas, avais, garantías, etc.
4. Será unha cesión de carácter definitivo.
5. O cesionario subrogarase en todos os dereitos e obrigas do cedente.
6. Non admitirase cesión algunha na que o club cedente faga reserva algunha de futuros dereitos.
7. O cesionario estará obrigado a notificar mediante carta con acuse de recibo a todos os xogadores, adestradores e resto de integrantes do ou dos equipos obxecto da cesión, das que se engadirá relación completa ao escrito de cesión, facéndolles saber que a partir desa data, o club cesionario queda subrogado en todos os dereitos deportivos e federativos así como nas obrigas do club cedente.
8. Todas as persoas vinculadas á disciplina do club mediante licenza oficial e afectadas pola cesión, quedarán suxeitos á disciplina do club cesionario, en tanto en canto a cesión non leve aparelado o traslado de residencia a unha provincia distinta, en cuxo caso aqueles quedarán facultados para rescindir unilateralmente as súas relacións deportivas. Neste caso quedarán en liberdade para acceder a outro club distinto.
9. A solicitude de Cesión de Dereitos deberá ser presentada polo club cedente na FGVb xunto con toda documentación pertinente. A Xunta Directiva da FGVb aprobará ou non a cesión e comunicarao a todas as partes implicadas.

Sección décima - Dereito a subvencións

Artigo 35º

1. Para poder ter dereito a percibir subvencións da FGVb, cando así se estableza, os clubs que participan nas competicións deberán cumprir os seguintes requisitos mínimos:
 - a) Estar ao corrente de todas as obrigas federativas deportivas e económicas, tanto ante a FGVb como á RFEVb.
 - b) Ningún equipo do club fora obxecto de sanción descalificante na temporada á que puidera corresponder a subvención, nin incorrer en non comparecencia inxustificada a algún encontro.
 - c) Ter presentada a Ficha de Club, e participar cando fora obrigatorio co equipo xuvenil na competición correspondente, computándose separadamente os equipos masculinos e femininos.
 - d) Ter aprobados e inscritos os seus Estatutos ante o Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, que outorguen á entidade personalidade xurídica propia e actualizados de conformidade á Lei 10/1990 do 15 de outubro, do Deporte.
 - e) Calquera outro que veña expresamente regulado pola FGVb.
2. Ademais destes requisitos, poderá ter valor porcentual á hora de fixar a distribución das subvencións:
 - a) O dispor para cada equipo da entidade participante nas competicións oficiais, de adestrador titulado acorde á categoría da división na que participa o equipo.
 - b) O traballo do club nas categorías cadetes e/ou infantís e nas campañas de Minivoley nas que participara.
 - c) A colaboración técnica e o aporte de xogadores/as ás Seleccións e Concentracións Galegas.

3. Para o concepto Axuda a Clubs, destinarase a partida correspondente dentro do orzamento anual da FGVb.
4. As subvencións correspondentes serán remitidas aos clubs, previa sinatura e selo do recibo correspondente.

CAPITULO II - XOGADORES

Sección primeira - Definición e condición de xogador

Artigo 36°

Son xogadores/as as persoas físicas que practiquen o voleibol e que subscriban a correspondente licenza federativa para iso. Coa sinatura da solicitude da dita licenza e/ou a licenza establecida ao efecto queda vinculado ao seu club e suxeito á disciplina da FGVb.

Artigo 37°

Para que un xogador/a poida subscribir licenza deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea.
- b) Non ter licenza en vigor con ningún outro club.

Artigo 38°

O requisito de ser español ou comunitario poderá ser dispensado pola FGVb, con carácter excepcional, permanente ou temporal, nos seguintes casos:

- a) Cando un xogador vaia actuar exclusivamente en competicións amigables.
- b) Cando o xogador dispoña do correspondente tránsfer internacional esixido pola FIVB ou non o necesite de acordo ao previsto na normativa aplicable.
- c) En aqueles outros casos previstos pola regulamentación da FGVb.

Artigo 39°

1. Considérase estranxeiro especial a aquel xogador non sénior nin español nin comunitario que cumpra dúas das catro seguintes condicións e que sexa autorizado expresamente pola FGVb:
 - a) Nacer en España.
 - b) Estar escolarizado en España en Primaria, Secundaria ou similar, e telo estado a lo menos durante o curso anterior.
 - c) Ser fillo de pai ou nai española.
 - d) Que leve un ano residindo, empadroado en España.
2. Nas categorías cadete e infantil así como nas ligas xuvenís zonais e na fase regular da Liga Galega Xuvenil non será necesario ter a consideración de estranxeiro especial para poder xogar nelas.
3. Aqueles xogadores cadetes ou infantís que queiran participar na Fase Final da Liga Galega Xuvenil ou nunha competición xuvenil ou sénior de ámbito nacional deberán ter a cualificación de estranxeiros especiais, debendo neste caso acreditar unha soa das condicións expostas, admitíndose ademais como válida para adquirir esa categoría a residencia documentada do pai ou da nai en España por motivos laborais.

4. A documentación xustificativa débese aportar no momento de solicitar a dilixencia da licenza ou da autorización federativa. Para acreditar a súa idade e personalidade deberán exhibir o pasaporte así como outro documento oficial, no que conste: nome, idade, nacionalidade e foto.
5. Se o xogador/a estranxeiro especial puidera xogar encontros, de acordo á normativa xeral da FGVb, en equipos sénior do seu club, farao nas mesmas condicións dos estranxeiros, ocupando praza como tal e necesitando tránsfer para aquelas competicións que a normativa xeral así o determine.
6. O número máximo de estranxeiros xuvenís especiais que poden xogar na categoría xuvenil virá recollido anualmente nas Normas Xerais de Competición.

Artigo 40º

A vinculación entre xogador/a e club finalizará por vencemento do prazo establecido na licenza, por mutuo acordo entre as partes, polos demais casos previstos no presente regulamento ou por decisión do órgano federativo ou xudicial competente, nos casos e formas establecidos na normativa vixente.

Sección segunda - Categorías**Artigo 41º**

Os xogadores serán clasificados en función dos seguintes criterios:

1. Segundo a idade dos xogadores, que será a que cumpra dentro do ano no que comeza a temporada, as competicións nas que estes participen poderán ser das seguintes categorías:
 - Absoluta / Sénior
 - Xuvenil
 - Cadete
 - Infantil
 - Alevín
 - Benxamín
2. O seu sexo.
3. O rango da competición na que participe.

Sección terceira - Licenzas**Artigo 42º**

Para poder actuar en calquera competición oficial todos os xogadores/as deberán dispoñer da licenza oficial correspondente, debidamente expedida pola FGVb.

Artigo 43º

A sinatura da solicitude da licenza ten carácter de declaración formal do xogador/a respecto aos datos que figuran na mesma, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos pola normativa federativa.

Artigo 44º

1. As licenzas teñen que ser necesariamente da categoría do equipo no que vaian a participar e válidas por unha temporada, agás as excepcións regulamentariamente previstas.
2. A licenza da FGVb será obrigatoria en todas as competicións e fases autonómicas, agás que expresamente se sinala outra cousa.
3. Agás as excepcións regulamentariamente establecidas, sen estar en posesión da licenza oficial, debidamente autorizada pola entidade correspondente en cada caso, non será admitida na acta do encontro persoa ningunha.
4. En caso de extravío da licenza, poderase solicitar por escrito un duplicado desta, debendo aboar os dereitos correspondentes.

Artigo 45º

Ao finalizar o período de vixencia da licenza, todo xogador/a quedará en absoluta liberdade para subscribir licenza con calquera club.

Artigo 46º

O xogador/a que proceda doutro club deberá presentar coa solicitude da nova licenza a carta de baixa no seu club anterior soamente se o cambio fora durante o transcurso da mesma temporada. Aos efectos federativos serán nulos cantos pactos e condicións se establezan na carta de baixa que limiten a libre vontade do xogador/a.

Artigo 47º

O xogador/a que proceda dun club estranxeiro aportará certificado da federación do país onde xogara na temporada anterior, acreditando que o fixo como xogador/a segundo as características requiridas pola FIVB, e que está libre para poder subscribir licenza por un club español, así como calquera outra documentación que regulamentariamente se determine.

Artigo 48º

A FGVb poderá esixir ao xogador que xustifique a súa idade mediante o seu D.N.I. ou Pasaporte. Aos menores de 14 anos esixiráselles certificado de nacemento e/ou documento de identidade que se estime oportuno.

Artigo 49º

Ningún xogador/a poderá subscribir licenza por máis dun equipo do mesmo club. Cando se tramitara a un xogador/a licenza por máis dun equipo do mesmo club, pero de distinta categoría, considerarase válida a expedida en primeiro lugar cronoloxicamente e se iso non puidera determinarse, considerarase válida a do equipo de máxima categoría, sendo anuladas automaticamente as outras dende a data de validez daquela, e alineación indebida a súa participación en partidos de categorías inferiores.

Artigo 50º

Antes do inicio da competición correspondente será obrigatorio ter tramitado o número mínimo de licenzas de xogadores/as e adestradores/as establecidos regulamentariamente.

Sección cuarta - Dereitos de formación

Artigo 51º

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste Regulamento, no caso de que un xogador/a subscriba licenza cun equipo de diferente club na temporada seguinte á finalización da vixencia da súa licenza anterior, o novo club deberá aboar ao club de orixe unha compensación económica polo seu traballo de formación sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Que o cambio de equipo non estivera xa regulado polos Dereitos de Formación establecidos na normativa da RFEVb.
 - b) Que o xogador/a non cumprira os 21 anos de idade antes do comezo da temporada oficial.
 - c) Que o xogador non teña menos de 16 anos.
 - d) Que o xogador fora aliñado polo club de orixe en competicións oficiais durante as dúas temporadas anteriores.
 - e) Que o club de orixe continúe participando en competicións organizadas pola FGVb. Soamente considerárase a categoría masculina si se trata de xogadores e feminina si se trata de xogadoras.
 - f) Que tanto o club de orixe como o de destino estean afiliados á FGVb.
2. A compensación económica regulada no punto anterior obterase en base á aplicación da seguinte fórmula:

$$(N+P+E) \times V \times C \times I = \text{IMPORTE A ABOAR}$$

N - Número de temporadas sempre que sexan consecutivas cun mínimo de dúas, nas que o xogador/a mantivera licenza federativa polo club de orixe. Cada temporada un punto.

P - Pola categoría de idade que teña o xogador/a na temporada que se inscribe co novo club:

- SENIOR..... 5 PUNTOS
- XUVENIL..... 3 PUNTOS
- CADETE 2 PUNTOS

E – Puntos asignados segundo baremo respecto ao número de equipos masculinos ou femininos de categorías inferiores inscritos en competicións oficiais da FGVb a partir de la categoría infantil, esta incluída, que teña o club de orixe na temporada anterior á do cambio de club. Cando se trate dun xogador procedente dun club con equipos masculinos e femininos, soamente se contabilizarán os equipos masculinos si se trata de xogadores e femininos si se trata de xogadoras:

- De 0 a 2 equipos 0 puntos
- De 3 a 5 equipos 1 punto
- De 6 a 8 equipos 2 puntos
- De 9 a 10 equipos.....3 puntos
- De 11 en adiante.....4 puntos

V - Importe valor do punto determinado anualmente nas Normas de Competición da RFEVb.

C - O coeficiente multiplicador correspondente ás diferentes categorías do club de procedencia e destino fixarase nas Normas de Competición da RFEVb de acordo ao cadro que alí se recolla. Terase en conta a máxima competición na que milite un equipo

(masculino ou feminino respectivamente segundo sexa o xogador/a) de cada un dos clubs na temporada na que se produza o cambio.

I - O coeficiente multiplicador correspondente á participación do xogador/a con Seleccións Galegas:

- Selección Española Sénior: 4 puntos
- Selección Española Xuvenil: 3 puntos
- Selección Española Cadete: 2 puntos
- Seleccións Galegas: 1.50 puntos
- Sen participación coas seleccións españolas ou galegas: 1 punto

O xogador/a deberá ter participado en competicións oficiais coas diferentes Seleccións Galegas no decurso das dúas temporadas anteriores á aplicación do dereito. Tomarase a selección de máis categoría no caso de ter participado en varias delas.

3. Non importará para a aplicación da presente normativa que o xogador deba cambiar de residencia por causas laborais ou familiares.
4. A FGVb non tramitará a nova licenza mentres non se cumpra co aboamento da compensación, sempre que o club de orixe o solicitara previamente. En caso de discrepancia resolverá o Comité Disciplinario correspondente que tomará as medidas que estime oportunas ata que se resolva o expediente.
5. Se un xogador afectado por Dereitos de Formación tramitara licenza por un club de categoría inferior ao do seu club de orixe e no decurso desa mesma temporada fora dado de baixa e tramitara nova licenza por un club con equipos de categoría superior, este novo club estará obrigado a satisfacer ao club no que participou o xogador durante a temporada anterior, os dereitos de formación que corresponderan unha vez descontado o que por normativa lle aboara o primeiro club do xogador na temporada vixente ao club de orixe do xogador.
6. O pago dos dereitos de formación é de obrigado cumprimento polos clubs afectados adquirindo este a mesma consideración que si se tratara dunha taxa ou outra obriga federativa aos efectos de sancións disciplinarias ou outras medidas previstas regulamentariamente.
7. Recoñécese expresamente que o club de orixe beneficiario do dereito de formación poderá renunciar eles ou acordar co club de destino do xogador a substitución por outra clase de compensación. Este acordo deberá facerse constar por escrito.
8. A data límite para a reclamación dos dereitos de formación será a mesma que a fixada anualmente nas normas de competición como data tope para a tramitación de licenzas da categoría na que estea inscrito o xogador, ampliando o citado prazo en sete días hábiles.
9. Cando un club tivera aboado por un xogador Dereitos de Formación e á finalización da primeira temporada ese xogador non continuase no club, este terá dereito a recuperar o 50% do aboado se no transcurso da temporada seguinte tramitase licenza con outro club, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
 - Que o xogador non cumprira os 21 anos antes do inicio da temporada oficial.
 - Que a temporada anterior, independentemente do momento da tramitación da licenza correspondente, o xogador soamente pertencera a un único club.
 - Que o coeficiente multiplicador C non sexa 0.

No caso de que o Comité de Competición outorgue a baixa ao xogador por incumprimento de obrigas por unha das partes e a causa fora imputable ao club este non terá dereito ningún a recuperar a cantidade aboada. Se o motivo da baixa fora imputable ao xogador, o club de orixe ten dereito a recuperar o 50% do aboado en concepto de dereitos de Formación se o xogador tramitara licenza con outro club nesa ou na seguinte temporada.

A baixa dunha licenza outorgada polo club durante a temporada extinguirá o dereito a percibir ou recuperar no seu caso o 50% do aboado por Dereitos de Formación, coa excepción do disposto no parágrafo anterior.

10. O club de orixe debe xustificar de forma plausible ante a FGVb que a contía invertida na formación do xogador non fora sufragada na súa totalidade ou en parte polas taxas ou achegas realizadas polo propio xogador.

Sección quinta - Baixas e cambios

Artigo 52°

A vinculación entre xogador e club poderá ser dada por finalizada de mutuo acordo, por decisión do órgano federativo ou xudicial competente, mediante expediente promovido a petición de calquera das partes e baseado no incumprimento das obrigas establecidas nos regulamentos da FGVb.

Artigo 53°

1. Se a resolución do expediente ao que se refire o artigo anterior fose favorable ao xogador/a, autorizaráselle a subscribir licenza con outro club aínda que fora anteriormente aliñado. Non se poderá subscribir licenza por un equipo se finalizara o prazo fixado polas normas específicas para tramitar estas na competición correspondente.
2. No caso de que a resolución fora favorable ao club, autorizaráselle a dar de baixa ao xogador/a, aínda sen a conformidade deste.

Artigo 54°

1. No curso dunha mesma temporada, o xogador/a que xa fora aliñado e xogara non poderá cambiar de club agás polo disposto no artigo anterior, por outras excepcións previstas regulamentariamente ou nos seguintes casos:
 - a) Cando o equipo de procedencia outorgue a baixa oficial, seguindo o procedemento sinalado neste regulamento.
 - b) Cando por desaparición, retirada ou sanción dun equipo, o club ao que pertence ese equipo non poida cumprir os seus compromisos cos seus xogadores/as.
2. Estes poderán subscribir unha nova licenza sempre que corresponda coas súas idades.
3. So se admitirá a un xogador/a un cambio de equipo por temporada.
4. Deben estar dentro dos prazos regulamentariamente previstos para a tramitación de licenzas.

Artigo 55°

Para a tramitación de baixas o procedemento será o seguinte, agás que expresamente se sinala outra forma:

- ✦ Presentarase na FGVb a carta de baixa segundo modelo oficial debidamente cumprimentado, a licenza en vigor e, no seu caso, a restante documentación necesaria.
- ✦ Nos casos nos que sexa necesario, a FGVb daralle traslado á RFEVB da carta de baixa e do resto da documentación.
- ✦ Cumpridos estes trámites poderase conceder a baixa ao xogador, podendo este subscribir licenza por outro club desde o momento no que a FGVb confirme a baixa oficial do xogador.

Artigo 56°

As licenzas que teña en vigor calquera club serán anuladas automaticamente cando este club retire a todos os seus equipos das competicións nas que participen ou sexa dado de baixa de acordo ao regulamentariamente previsto, tanto a nivel nacional como territorial.

Sección sexta - Dereitos e obrigas**Artigo 57°**

O xogador/a ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza con calquera club, respectando as normas establecidas.
- b) Participar na elección da Asemblea Xeral e do Presidente da FGVb, no seu caso.
- c) Asistir e participar en cantas probas, cursos, fases de preparación, seleccións ou outro tipo de concentracións ás que fora convocado pola FGVb.
- d) Recoñecemento médico con todas as garantías, nos termos que determine a FGVb segundo a lexislación vixente.
- e) Ser adestrado por un adestrador titulado.
- f) Consideración a súa actividade deportiva.
- g) Recibir o material deportivo para a práctica do voleibol.
- h) Recibir atención sanitaria gratuíta e adecuada en caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu club ou a través dos concertos voluntarios ou obrigatorios que o mesmo teña coa entidade aseguradora correspondente.
- i) Participar nas sesións de adestramento e nos encontros do seu equipo agás decisión disciplinaria.
- j) Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e demais normativa da FGVb.

Artigo 58°

O xogador/a ten as seguintes obrigas:

- a) Someterse á disciplina do seu club que se axuste ao disposto no ordenamento xurídico, participando nos adestramentos e encontros do seu equipo.
- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización do seu club.
- c) Coidar e devolver cando sexa requirido o material deportivo que lle fora entregado.
- d) Asistir ás probas, cursos, concentracións, e torneos aos que sexa convocado pola FGVb.

- e) Asistir ás convocatorias das seleccións galegas para as que sexa convocado. A convocatoria enténdese referida tanto aos adestramentos como á celebración efectiva da proba ou competición.
- f) Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.

CAPITULO III - ADESTRADORES

Sección primeira - Definición e condición de adestrador

Artigo 59º

1. Son adestradores/as de voleibol as persoas físicas con título recoñecido pola FGVb dedicadas á ensinanza, preparación e dirección técnica do voleibol, tanto a nivel de clubs como da FGVb, e que subscriben a correspondente licenza federativa para iso.
2. O adestrador/a, para exercer a súa actividade en competicións oficiais, deberá estar en posesión do título de adestrador/a recoñecido pola FGVb nas condicións que se determinan regulamentariamente, así como ter licenza expedida pola FGVb.
3. A sinatura da solicitude da licenza polo adestrador/a implica a súa vinculación ao club ou á disciplina da FGVb segundo corresponda.

Artigo 60º

Para que un adestrador/a poida subscribir licenza por un club galego deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea. Esta condición poderá ser dispensada pola FGVb nas condicións e formas que se establezan regulamentariamente.
- b) Ter máis de dezaioito anos, con excepción dos adestradores/as para a categoría de Minivoley, que deberán ter máis de dezaseis anos.
- c) Posuír o título oficial de adestrador recoñecido pola FGVb ou a RFEVb.
- d) Non ter compromiso ou licenza con outro club ou Federación agás nos casos previstos regulamentariamente.
- e) Asistir nas últimas 3 temporadas a un mínimo de 3 actividades formativas de entre as recollidas no catálogo formativo da FGVb. Este requisito comezará a ser esixible na temporada 2013/2014, ou ben tres anos despois da publicación do primeiro catálogo de actividades formativas da FGVb, para aqueles adestradores que tiveran tramitado licenza polo menos durante 3 temporadas coa FGVb.

Artigo 61º

Un adestrador/a poderá subscribir licenza que lle vincule á FGVb, cando desenvolva actividades propias da súa condición a favor desta. Os requisitos serán os esixidos no artigo anterior.

Artigo 62º

Para adestrar en Galicia, os adestradores estranxeiros deberán acreditar as condicións esixidas no presente capítulo e na normativa do Regulamento da Escola Galega de Adestradores, e ser debidamente autorizados pola FGVb.



Artigo 63º

A titulación oficial dos adestradores será expedida pola Escola Galega de Adestradores, en colaboración, cando sexa pertinente, co C.N.E. da RFEVb e coas entidades competentes segundo a normativa vixente.

Artigo 64º

1. As titulacións esixidas para actuar á fronte dun equipo son:

Competicións sénior e xuvenís autonómicas..... NIVEL II
Competicións Cadetes e Infantís autonómicas.....NIVEL I
Alevíns, Benxamíns e inferiores MINIVOLEY

2. Excepcionalmente, a FGVb poderá autorizar, por unha temporada, a actuación de adestradores/as coa titulación inmediatamente inferior á esixida para a competición correspondente, previa petición do club interesado, de acordo ao informe emitido pola Escola Galega de Adestradores e sempre e cando non se convoque un curso de adestradores da dita categoría ou outras excepcións regulamentariamente previstas.
3. Se un equipo quedara sen adestrador no transcurso da temporada, deberá cubrir a praza nun prazo máximo de dúas semanas agás que a baixa sexa por enfermidade, no cal a Escola Galega de Adestradores poderá autorizar a prolongación do prazo, previa solicitude do club á FGVb. No caso de que non se corrixa a anomalía sancionárase ao club segundo establece o regulamento disciplinario.

Artigo 65º

A vinculación entre adestrador/a e club ou federación poderá finalizar por vencemento do prazo establecido, por mutuo acordo ou por decisión do órgano federativo ou xudicial competente, mediante expediente promovido a petición de calquera das partes e baseado no incumprimento das obrigas establecidas nos regulamentos da FGVb.

Sección segunda - Categorías

Artigo 66º

1. Os adestradores/as poderán obter as seguintes categorías de títulos:
- a) Nivel Minivoley. Título de adestrador/a de Minivoley.
 - b) Nivel I. Título de adestrador/a Escolar.
 - c) Nivel II. Título de adestrador/a Territorial.
 - d) Nivel III. Título de adestrador/a Nacional.
2. Para obter cada un deles deberán superar as probas que se establezan ao efecto. Será tamén preciso estar en posesión do título da categoría inferior para poder optar ao de nivel inmediatamente superior, coas condicións que regulamentariamente se establezan.

Sección terceira - Licenzas

Artigo 67º

O adestrador/a deberá dispor da licenza oficial correspondente debidamente dilixenciada. Cada licenza terá validez por unha temporada.

Artigo 68º

A sinatura da solicitude da licenza e/ou da licenza ten carácter de declaración formal do adestrador/a respecto aos datos que figuran nesta, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos por este regulamento.

Artigo 69º

Ao finalizar o período de vixencia da licenza, todo adestrador/a quedará en absoluta liberdade para subscribir licenza con calquera club ou federación. Se durante a temporada o adestrador/a quedara en liberdade por darlle o seu club a carta de baixa por calquera causa, deberase comunicar este feito á FGVb nos quince días posteriores ao cese do adestrador/a.

Artigo 70º

1. Todo club ten a obriga ineludible de contar, a lo menos, cun adestrador/a titulado ou autorizado do nivel esixido para a categoría na que compita cada un dos equipos do club.
2. Un mesmo adestrador/a non poderá subscribir licenza por máis dun equipo de categoría nacional do seu club nin por máis de dous equipos de máxima categoría autonómica (Ligas Galegas e 2ª división A).
3. Un adestrador/a con licenza por un club poderá dirixir a outro equipo do mesmo club se a súa titulación llo permite ou se atopa temporalmente autorizado na forma prevista regulamentariamente.
4. Non hai límite ao número de adestradores/as que pode tramitar un equipo. Polo menos un deles deberá estar en posesión da titulación requirida para a división na que milita o dito equipo mentres que o segundo adestrador/a poderá estar en posesión de calquera das titulacións aprobadas pola FGVb.
5. Ningún adestrador/a poderá ter licenza en vigor por máis dun club.
6. Será obriga ineludible para poder permanecer no banco do equipo e dirixir ao seu equipo estar en posesión da licenza federativa correspondente, nas condicións previstas neste capítulo.

Artigo 71º

Un adestrador/a poderá cambiar de club no transcurso dunha temporada sempre que fora dado de baixa polo seu club de orixe. No caso de discrepancia entre club e adestrador/a atenderase ao disposto no Artigo 53 deste regulamento.

Sección cuarta - Dereitos e obrigas

Artigo 72º

O adestrador/a ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, respectando as normas establecidas.
- b) Participar na elección da Asemblea Xeral e Presidente da FGVb, no seu caso.
- c) Asistir ás probas e cursos de preparación aos que sexa convocado pola FGVb, sen prexuízo das obrigas para co seu club.
- d) Recibir atención sanitaria gratuíta e axeitada no caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu club ou a través dos concertos voluntarios ou obrigatorios que o club teña coa entidade aseguradora correspondente.
- e) Obter consideración pola súa actividade.
- f) Recibir o material deportivo preciso para desenvolver a súa actividade.
- g) Percibir as compensacións pactadas co seu club.
- h) Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e nas outras normativas da FGVb.

Artigo 73º

O adestrador/a ten as seguintes obrigas:

- a) Someterse á disciplina do club ao que estivera vinculado pola licenza.
- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización da entidade pola que teña subscrita licenza.
- c) Coidar, e devolver cando sexa requirido para isto, o material deportivo que se lle entregue.
- d) Asistir ás probas, cursos, concentracións e torneos aos que sexa convocado polo seu club, FGVb ou pola RFEVB.
- e) Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.

Sección quinta - Segundo adestrador

Artigo 74º

O segundo adestrador/a poderá dirixir ao equipo en substitución do seu titular, sempre que durante o transcurso dun encontro tivera que ausentarse o primeiro técnico por sanción arbitral, enfermidade ou causa suficientemente xustificada. Esta actuación será considerada excepcional e non servirá de precedente para dirixir ao equipo en encontros posteriores, salvo que dispoña da titulación suficiente ou por outras causas previstas regulamentariamente.

Sección sexta - Baixa de adestradores

Artigo 75º

O procedemento para a tramitación de baixas, agás que expresamente se determine outra forma, será o seguinte:

1. Presentarase na FGVb a carta de baixa segundo modelo oficial debidamente cumprimentado, a licenza en vigor e, no seu caso, a restante documentación necesaria.

2. A FGVb trasladará á RFEVB a carta de baixa e o resto de documentación, cando fora necesario.
3. Cumpridos estes trámites poderase conceder a baixa ao adestrador/a. No momento no que a FGVb confirme a baixa oficial o adestrador poderá subscribir licenza por outro club.
4. Se no transcurso da temporada se produce a baixa do adestrador dun equipo, o club deberá cubrir a praza nun prazo máximo de dúas semanas, agás que a baixa sexa por enfermidade, en cuxo caso a Escola Galega de Adestradores poderá autorizar a prolongación do prazo, previa solicitude do club á FGVb. No caso de que o club non emendase a anomalía sancionárase ao club de acordo co establecido no Regulamento Disciplinario.

CAPITULO IV - ÁRBITROS E ANOTADORES

Sección primeira - Definición e condición de arbitro

Artigo 76º

1. Son árbitros de voleibol as persoas físicas que tendo subscrito a correspondente licenza federativa, coidan da correcta aplicación das Regras Oficiais de Xogo e demais normas de aplicación durante os encontros, ostentando a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.
2. Son anotadores e xuíces de liña as persoas físicas que, tendo subscrito a correspondente licenza federativa, colaboran cos árbitros exercendo as funcións previstas nas Regras Oficiais de Xogo.

Artigo 77º

1. Para que un árbitro, anotador ou xuíz de liña poida subscribir a correspondente licenza federativa deberá reunir as seguintes condicións:
 - a) Ser español ou cidadán dun estado membro da Unión Europea. Esta condición poderá ser dispensada pola FGVb nas condicións e formas que se regulen regulamentariamente.
 - b) Ter unha idade mínima de dezaseis anos para os anotadores e de dezoito para o resto de árbitros, e non superior a idade de retiro que sinale a FIVB para os árbitros internacionais.
 - c) Posuír o título oficial de árbitro recoñecido pola FGVb.
 - d) Non ser nin xogador, nin adestrador, nin ostentar outra condición dentro do voleibol activo, agás aqueles casos expresamente autorizados pola FGVb. Teranse en conta neste último caso as limitacións que sinale o regulamento do Comité Técnico Galego de Árbitros á hora de realizar as designacións.
 - e) Asumir os compromisos que anualmente estableza o Comité Técnico Galego de Árbitros en materia de dispoñibilidade e número mínimo de actuacións arbitrais.
2. A validez da licenza outorgada pola FGVb non excederá o ámbito de actuación autonómico.

Artigo 78º

A titulación oficial será outorgada, segundo corresponda, pola RFEVB (a proposta do Comité Técnico Nacional de Árbitros) ou pola FGVb (a proposta do Comité Técnico Galego de Árbitros).

Sección segunda - Categorías

Artigo 79º

A FGVb, a través do Comité Técnico Galego de Árbitros, clasificará aos árbitros ao inicio de cada temporada en categorías de acordo aos criterios e probas establecidos nos Estatutos da FGVb e no Regulamento do Comité Técnico Galego de Árbitros.

Sección terceira - Licenzas

Artigo 80º

1. O árbitro, anotador ou xuíz de liña deberá dispor da licenza oficial correspondente, debidamente dilixenciada a través do Comité Galego de Regras de Xogo e Arbitraxe Comité Técnico Galego de Árbitros da FGVb. A licenza terá validez para unha temporada.
2. A licenza ten carácter de declaración formal do árbitro ou anotador respecto aos datos que figuran nela, responsabilizándose da súa veracidade e da concorrencia dos requisitos esixidos por este regulamento.

Artigo 81º

Ao comezo de cada temporada, a FGVb remitirá ao Comité Nacional de Árbitros a relación de árbitros e anotadores non incluídos na categoría nacional.

Sección cuarta - Dereitos e obrigas

Artigo 82º

Son dereitos dos árbitros, anotadores e xuíces de liña:

- a) Participar na elección da Asemblea Xeral e na elección do Presidente da FGVb, no seu caso.
- b) Asistir ás probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación aos que sexa convocado polo Comité Técnico Nacional de Árbitros ou polo Comité Técnico Galego de Árbitros, segundo a súa categoría.
- c) Recibir as prestacións da entidade aseguradora que corresponda nos casos de cobertura previstos.
- d) Obter consideración pola súa actividade.
- e) Percibir as cantidades que se establezan anualmente pola Asemblea Xeral da FGVb.
- f) Ser clasificado nunha das categorías establecidas pola FGVb.
- g) Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e noutra normativa da FGVb.

Artigo 83º

Son obrigas dos árbitros, anotadores e xuíces de liña:

- a) Someterse á disciplina da FGVb e ás normas do Comité Técnico Galego de Árbitros.
- b) Asistir ás probas e cursos aos que sexan convocados Comité Técnico Galego de Árbitros.

- c) Coñecer, aplicar e facer cumprir as Regras Oficiais de Xogo, así como todas aquelas normas e regulamentos da FGVb que lles sexan de aplicación.
- d) Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.

CAPITULO V - DELEGADOS E MEMBROS DE CLUBS

Sección primeira - Delegado de equipo

Artigo 84º

1. Todos os clubs poderán tramitar unha licenza de delegado por cada equipo, que serán persoas que ostenten a representación do club, e que se ocuparán dos cometidos administrativos así como de auxiliar nas tarefas que o seu club lle sinale.
2. O delegado/a de equipo deberá estar provisto da correspondente licenza federativa. Un mesmo delegado poderá ter licenza válida por varios equipos do mesmo club, pero so poderá actuar un delegado por encontro.
3. Os delegados poderán asumir funcións de Delegado de Campo, cando o seu equipo xogue en cancha propia e foran designados previamente polo seu club. Neste caso, identificaranse ante o equipo arbitral con antelación suficiente ao inicio do encontro e estarán baixo as indicacións dos árbitros ata a súa finalización, actuando de acordo ás funcións que lle corresponden ao delegado de campo.
4. Os clubs, no boletín de inscrición dos diferentes equipos do club, deberán indicar, con carácter obrigatorio e a efectos de notificación, unha única persoa que actuará con carácter xeral como delegado - representante do club.

Sección segunda - Delegado de campo

Artigo 85º

1. O delegado de campo é a persoa que ten ao seu cargo a coordinación da orde no campo de xogo.
2. O delegado de campo será designado polo club local ou entidade federativa correspondente, situándose xunto á mesa de anotadores.
3. Será obrigatorio para todos os equipos locais nas competicións oficiais nas que así se indique nas súas normas específicas de competición. O delegado de campo poderá ser o delegado do equipo local pero, neste caso, soamente exercerá as funcións de delegado de campo.
4. A súa función é totalmente incompatible con calquera outra durante o encontro.

Artigo 86º

Son obrigas do delegado de campo:

- a) Presentarse ao equipo arbitral e, no seu caso, ao delegado federativo, cando estes acudan ao campo e cumprir as instrucións que estes lle comuniquen, antes e durante o transcurso do partido, sobre calquera deficiencia que xurda.

- b) Darse a coñecer ao equipo visitante, actuando de enlace entre os equipo contendentes e sinalando os vestiarios a utilizar.
- c) Facilitar a ambos equipos bancos ou cadeiras suficientes para situar aos adestradores, xogadores e acompañantes provistos da correspondente licenza federativa.
- d) Ordenar que a colocación destes bancos ou cadeiras respecte a distancia regulamentaria da mesa de anotadores, que estean convenientemente illados do público, impedir que se sitúen nos mesmos persoas non autorizadas, previa consulta ou a requirimento do equipo arbitral.
- e) Responder da boa orde antes, durante e ao remate do encontro solicitando, de ser necesario, a intervención da forza pública.
- f) Facilitar todos os elementos necesarios para a práctica do voleibol, tales como o perfecto estado da rede e a súa altura, cadeira arbitral, tabliñas para efectuar os cambios, marcadores, etc.

Sección terceira - Delegados federativos

Artigo 87º

1. Todo club ten dereito a solicitar, con 15 días de antelación á data de celebración dun encontro, a presenza dun Delegado Federativo da FGVb. Cando se solicite a presenza dun Delegado Federativo, será requisito indispensable o depósito previo de das cantidades esixidas na normativa e posterior pago de todos os gastos que este desprazamento e estancia do Delegado Federativo puidera ocasionar. A petición será atendida pola FGVb e non poderá ser denegada, agás que causas de falta de dispoñibilidade o impidisen. Cando a FGVb o considere oportuno, poderá designalo de oficio. Todos os gastos que a designación comporte correrán neste caso por conta da FGVb.
2. O Delegado Federativo identificarase ante o equipo arbitral antes do inicio do encontro e situarase na Mesa de Anotación. Terá as seguintes funcións:
 - a) Esixir o cumprimento das disposicións Estatutarias da FGVb e disposicións complementarias.
 - b) Realizar obrigatoriamente un informe escrito sobre as incidencias rexistradas antes, durante e con posterioridade ao encontro. O dito informe será trasladado ao Comité de Competición, dentro das vinte e catro horas seguintes á celebración do encontro.
 - c) O Delegado Federativo dunha competición realizará obrigatoriamente un informe sobre o desenvolvemento da competición, dentro das 24 h seguintes á finalización da competición.
3. Os Delegados Federativos no poderán en ningún momento interferir as funcións regulamentarias dos árbitros designados para dirixir un encontro.
4. O delegado federativo, que deberá identificarse ademais de aos árbitros, aos delegados de ambos equipos, esixirá o cumprimento das disposicións regulamentarias sen intervir nas funcións arbitrais.

Sección cuarta - Auxiliares e membros de clubs

Artigo 88º

1. Terán a consideración de auxiliares o médico, o preparador físico, o masaxista, ou outros que se establezan regulamentariamente e que estean en posesión da licenza federativa correspondente tramitada pola FGVb.

2. Todos os equipos poderán designar auxiliares de libre elección, mediante a correspondente solicitude de licenza, cumprindo os requisitos regulamentariamente esixidos.
3. Será obriga ineludible para poder permanecer no banco estar en posesión da licenza correspondente.

Sección quinta - Dereitos e obrigas

Artigo 89º

1. Todos os auxiliares teñen os seguintes dereitos:
 - a) Liberdade para subscribir licenza, de acordo coas normas establecidas e respectando os compromisos adquiridos.
 - b) Asistir ás probas e cursos de preparación aos que sexa convocado pola FGVb, sen prexuízo das obrigas para co seu club.
 - c) Recibir as prestacións da entidade aseguradora correspondente nos casos de cobertura previstos.
 - d) Obter consideración na súa actividade.
 - e) Recibir o material deportivo preciso para a súa actividade.
 - f) Percibir as compensacións pactadas co seu club.
 - g) Todos os demais previstos nos Estatutos, no presente regulamento e noutras normativas da FGVb.
2. Todos os auxiliares teñen as seguintes obrigas:
 - a) Someterse á disciplina do club ao que estean vinculados pola licenza.
 - b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización deste, ou da FGVb, segundo o caso.
 - c) Coidar e no seu caso devolver o material deportivo que o club ou a FGVb lle entregara.
 - d) Asistir ás probas, cursos, concentracións, e torneos aos que sexa convocado polo seu club ou pola FGVb.
 - e) Aquelas outras que lles veñan impostas por disposición legal ou regulamentaria da FGVb.

TITULO II - NORMAS DE COMPETICIÓN

Artigo 90º

1. As Normas de Competición determinan os requisitos fundamentais para a inscrición dos clubs nas distintas categorías, os importes das licenzas, as fianzas e a determinación da contía de determinadas sancións cando así aparezan reflectidas no Regulamento Disciplinario, as idades e categorías dos xogadores, os horarios de xogo, a normativa de aprazamentos e suspensión de partidos, as fórmulas de xogo de cada competición, o calendario e o programa de competicións, as normas que se establezan para o desenvolvemento da competición no curso da temporada, as normas específicas para cada competición, así como todas aquelas normas que afecten ás competicións oficiais de ámbito autonómico e que no estean recollidas no Regulamento Xeral da FGVb, no Regulamento de Encontros e Competicións ou outros regulamentos federativos.

2. As Normas de Competición Xerais ou Específicas que recollan materias cuxa competencia corresponda, segundo as disposicións estatutarias, á Asemblea Xeral deberán ser presentadas anualmente a esta para a súa aprobación.

TITULO III - PROCEDEMENTO PARA ASAMBLEAS E MOCIÓN DE CENSURA

CAPITULO I - PROCEDEMENTO ORDINARIO

Artigo 91º

As Asembleas convocaranse de acordo ao procedemento establecido nos Estatutos da FGVb.

Artigo 92º

A orde do día das sesións establecerao a Xunta Directiva, oída a Comisión Delegada. Excepcionalmente, poderá ser modificado durante as sesións, se así o acepta a maioría dos membros asistentes.

Artigo 93º

1. Cada membro terá voz e voto para debater os asuntos que sexan sometidos á consideración da Asemblea.
2. Os compoñentes da Xunta Directiva da FGVb que non sexan membros da Asemblea poderán intervir, con voz pero sen voto, naqueles temas que lles afecten directamente.

Artigo 94º

En todas as sesións procederase, en primeiro lugar, ao reconto de membros presentes, resolvendo o Presidente as reclamacións ou impugnacións que poidan formular os asistentes en canto a súa inclusión ou exclusión.

Artigo 95º

O Presidente abrirá, suspenderá e pechará as sesións da Asemblea. O Presidente ou moderador designado conducirá os debates, regulando o uso da palabra e sometendo a votación as propostas ou medidas a adoptar. Resolverá as cuestións de orde e procedemento que puideran exporse e poderá ampliar ou limitar as intervencións, cando así o esixa a materia ou o tempo, estando facultado para amoestar e incluso retirar a palabra aos membros da Asemblea que se conduzan de forma irrespectuosa coa Presidencia ou con outros membros da Asemblea.

Artigo 96º

O Presidente ou moderador designado poderá ordenar o debate, establecendo o modo de facelo. A tal fin, poderá dividir cada relatorio en diversas seccións co obxectivo de debatelas por separado.

Artigo 97º

Os debates iniciaranse cunha exposición relativa á relativo que corresponda a cargo do Presidente ou da persoa a quen designe.

Artigo 98º

So serán obxecto de debate particularizado aqueles temas ou preceptos que foran obxecto de emenda e aqueles que o Presidente considere preciso. Os temas ou preceptos non emendados entenderanse aprobados, agás que resulten afectados por emendas aceptadas, relacionadas con outros temas ou preceptos.

Artigo 99º

1. Todo membro da Asemblea poderá presentar emendas aos relatorios que sexan sometidos á consideración do órgano correspondente.
2. As emendas deberán ser recibidas na FGVb con quince días de antelación á celebración da sesión correspondente, agás que o texto obxecto da emenda fora enviado con menos de trinta días de antelación á sesión. Neste segundo caso o prazo de presentación das emendas reducirase proporcionalmente e especificarase de forma expresa no momento de facer o envío da información.
3. O Presidente, oída a Comisión Delegada, poderá admitir emendas presentadas fóra de prazo.
4. Durante a sesión so poderán presentarse emendas transaccionais que pretendan aproximar o contido das emendas presentadas e o texto do relatorio. As emendas transaccionais deberán presentarse por escrito, antes de iniciarse a votación do texto ou precepto correspondente. A cualificación e admisión de tales emendas corresponderá ao Presidente.
5. Por cada emenda poderán producirse dúas quendas a favor e dous en contra, por tempo non superior a tres minutos cada un. En caso de emendas que se formulen no mesmo sentido, o Presidente poderá dividir as quendas a favor entre as persoas emendantes.

Artigo 100º

Finalizado o debate de todas as emendas a un tema ou precepto, someterase a votación o texto que, nese momento, propoña o Presidente. Se fora rexeitado, someteranse a votación, pola orde do seu debate, as emendas presentadas ata que algunha resulte aprobada.

Artigo 101º

A aprobación das emendas requirirá a maioría simple agás que os Estatutos dispoñan outra cousa.

Artigo 102º

As votacións efectuaranse a man alzada, agás o disposto nos Estatutos para casos específicos.

Artigo 103º

O réxime de actas será o establecido nos Estatutos.

CAPITULO II - PROCEDEMENTO NA MOCIÓN DE CENSURA

Artigo 104º

1. A sesión extraordinaria da Asemblea Xeral que coñeza dunha moción de censura iniciárase cunha exposición da mesma por un dos seus signatarios, por tempo máximo de vinte minutos. O Presidente poderá facer uso da palabra a continuación, por un tempo máximo de vinte minutos. Ámbolos dous poderán ademais facer uso da palabra en cadansúa quenda de réplica e dúplica por tempo non superior a cinco minutos cada un.
2. A continuación poderá intervir o candidato incluído na moción de censura por tempo non superior a vinte minutos. O Presidente poderá contestar nun tempo máximo de vinte minutos. Ámbolos dous poderán ademais facer uso dúas quendas de réplica e duplica por tempo non superior a cinco minutos cada un.

Artigo 105º

No caso de que se presentaran mocións alternativas, procederase ao seu debate, seguindo os criterios establecidos no Artigo anterior e pola orde da súa presentación.

Artigo 106º

Finalizado o debate, a moción ou mocións serán sometidas a votación na orde da súa presentación. A votación será secreta e efectuarase co chamamento nominal e por papeletas nas que se consignará SI ou NON, segundo se aprobe ou rexeite a moción.

TITULO IV - REGULAMENTO DE VOLEI PRAIA

CAPÍTULO PRELIMINAR

Artigo 107º

O presente título contén as normas xerais que regulan o volei praia e ordena a actuación de todas as persoas que, sendo membros da FGVb, practican a dita modalidade. As normas aquí recollidas desenvólvense no Regulamento Disciplinario, no Regulamento de Encontros e Competicións, no Regulamento Técnico de volei praia, nas Normas Específicas de cada competición e nas demais disposicións existentes ou que sobre esta materia poidan ditarse no futuro.

CAPÍTULO I - AS COMPETICIÓNS - ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN

Sección primeira - Nomenclaturas

Artigo 108º

As competicións de volei praia poderán ser de participación libre de parellas ou de clubs. Para a mellor ordenación das competicións de volei praia, a FGVb ditará un Regulamento Técnico no que se recollerán todos os aspectos relacionados coa organización, instalacións, desenvolvemento das probas e campionatos, códigos de conduta de xogadores, árbitros e outro persoal, clasificación de xogadores,... Toda competición organizada ou homologada pola FGVb de participación libre de parellas deberá contar cun Comité Técnico da Proba, que estará constituído polo Director da Competición, o Delegado Arbitral e o Delegado Federativo. Eles

tres serán os responsables de levar a cabo a competición dentro das funcións respectivas que lles encomenda o Regulamento Técnico.

Sección segunda - A organización das competicións

Artigo 109º

1. As competicións oficiais de volei praia organizadas pola FGVb poderán disputarse atendendo aos dous formatos seguintes:
 - a) O TORNEO, que é a proba disputada nunha sede durante unha ou máis xornadas na que compiten entre sí varios equipos que se eliminan de xeito progresivo uns aos outros en partidos sucesivos.
 - b) A LIGA OU CIRCUÍTO, que é a competición na cal dous ou máis torneos celébranse de forma sucesiva e os resultados dun deles condicionan a conformación do seguinte. As competicións oficiais de volei praia de clubs disputaranse segundo o formato establecido nas súas normas específicas.
2. Estas competicións oficiais poderán ter clasificacións individuais por parellas, clasificacións por clubs ou ámbolos dous tipos conxuntamente.

Sección terceira - Ámbito das competicións e autorización para a súa realización

Artigo 110º

1. A FGVb é a única competente para cualificar e organizar as competicións de volei praia de ámbito autonómico.
2. No exercicio desta competencia, a FGVb poderá ceder a un terceiro, chamado promotor, a produción ou organización material, entendida esta como a instalación dos elementos necesarios para o desenvolvemento daquelas segundo se estableza na normativa federativa correspondente ou no convenio específico con el asinado. Igualmente poderá ceder a súa comercialización. Do mesmo modo, a FGVb poderá autorizar probas organizadas por terceiros aínda que non constitúan competicións oficiais de categoría autonómica.

Sección cuarta - Das arbitaxes

Artigo 111º

Toda competición organizada ou homologada pola FGVb deberá ser dirixida por árbitros pertencentes ao Comité Técnico Galego de Arbitros ou ao CTNA.

CAPITULO II - DAS LICENZAS

Artigo 112º

1. A tempada de volei praia ten a mesma duración que tempada de voleibol, comezando o 1 de setembro e rematando o 31 de agosto do ano seguinte. As autorizacións expedidas

tanto pola FGVb como pola RFEVb poderán ter outra duración, segundo a duración da modalidade do seguro elixido no momento da alta ou da duración da propia competición para a que se expida a autorización.

2. As licenzas de volei praia soamente poderán ser tramitadas a través dun club de volei praia ou da sección de volei praia dun club de voleibol.
3. Unha persoa poderá dispor, simultaneamente, dunha licenza de Voleibol e unha licenza de volei praia, aínda que estas sexan por clubs distintos.

CAPITULO III - DOS XOGADORES

Artigo 113º

1. Para participar en calquera competición autonómica de volei praia todos os interesados deberán estar en posesión da correspondente licenza autonómica expedida pola FGVB. Tamén serán válidas as licenzas nacionais homologadas pola RFEVB.
2. Para participar en calquera competición nacional de volei praia todos os interesados deberán estar en posesión da correspondente autorización nacional expedida pola RFEVB. Esta autorización nacional tramitarase na FGVb, terá un seguro médico de cobertura nacional e preverá unha taxa nacional a engadir a taxa autonómica correspondente.

Artigo 114º

Os xogadores, ademais dos dereitos e obrigas que con carácter xeral se contemplan nos Artigos 56 e 57 do presente Regulamento Xeral da FGVb e no resto da normativa federativa, axustarán o seu comportamento ao Código de Conduta do Xogador de volei praia, incluído no Regulamento Técnico desta modalidade. Os xogadores con licenza autonómica en vigor que participen en probas non organizadas, homologadas ou autorizadas pola FGVb poderán ser sancionados de acordo ao establecido no Regulamento Disciplinario.

CAPÍTULO IV - DOS ADESTRADORES

Artigo 115º

1. Poderán obter a licenza de adestrador de volei praia os adestradores de Nivel III da promoción 1993 e seguintes, ou aqueles de Nivel I, Nivel II e Nivel III que xustifiquen a superación do curso de capacitación de volei praia impartido pola RFEVB ou pola FGVb ou que sexan autorizados provisionalmente pola Escola Galega de Adestradores.
2. É obrigatorio para un adestrador dun equipo de volei praia que participe nunha proba acreditarse como tal se vai a asistir a esta. Ningunha persoa que non estea en posesión da licenza de adestrador de volei praia poderá recibir a dita credencial.
3. Os adestradores de volei praia, ademais dos dereitos e obrigacións que con carácter xeral se contemplan no Artigo 71 e seguintes do presente Regulamento Xeral, no Regulamento da Escola Galega de Adestradores e no resto da normativa federativa, axustarán o seu comportamento ao Código de Conduta do Adestrador de volei praia, incluído no Regulamento Técnico. As súas funcións durante os partidos virán determinadas polo establecido no propio Regulamento Técnico, nas Regras Oficiais de Xogo e nas demais normas aplicables.

CAPÍTULO V - DOS ÁRBITROS

Artigo 116º

1. Os árbitros deberán estar en posesión da correspondente licenza autonómica ou nacional de volei praia para poder intervir nas competicións oficiais. Para poder tramitar esta licenza deberán cumprir as condicións establecidas no artigo 76 deste regulamento.
2. Os árbitros ademais dos dereitos e obrigas que con carácter xeral se contemplan nos Artigos 81 e 82 do presente Regulamento Xeral da FGVb e no resto da normativa federativa, axustarán o seu comportamento ao Código de Conduta do Árbitro de volei praia, incluído no Regulamento Técnico. Os árbitros con licenza autonómica en vigor que participen en probas non organizadas ou homologadas pola FGVb poderán ser sancionados de acordo ao establecido no Regulamento Disciplinario.

CAPÍTULO VI - RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 117º

1. Os xogadores de volei praia, árbitros, adestradores, e en xeral, todas as persoas que relacionadas co volei praia que ostenten a condición de membros da FGVb, quedan sometidas a súa disciplina deportiva.
2. O réxime xurídico do exercicio da potestade disciplinaria, no procedemento disciplinario, as infraccións, as sancións, e en xeral calquera outro aspecto relacionado coa disciplina deportiva, régúlase no Regulamento Disciplinario da FGVb e, por remisión deste, no Regulamento Técnico.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.

Quedan derogadas cantas normas da FGVb se opoñan ao establecido no presente regulamento.

Segunda.

A FGVb asume como súas as modificacións que a Secretaría Xeral para o Deporte introduza neste regulamento, quedando dende ese momento como parte do mesmo.

Terceira.

Facúltase á Xunta Directiva da FGVb para interpretar as normas deste regulamento.

Cuarta.

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte ao seguinte da súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

O presente Regulamento Xeral da FGVb integrado por 117 Artigos e catro Disposicións Finais foi aprobado pola Comisión Delegada do día 24 de agosto de 2012.